



Vigo, a 21 de Setembro de 2015

Prezado/a Director/a:

O Servizo Municipal de Educación **convídavos a participar cos vosos alumnos/as nunha nova edición da iniciativa didáctica municipal “Visita o teu Concello” curso 2015-2016**, destinada a **escolares de 5º e 6º de educación primaria dos centros escolares** radicados no termo municipal de Vigo. O obxectivo desta actividade é achegar dun xeito didáctico aos escolares á administración municipal da nosa cidade, dando a coñecer a estrutura, funcións e competencias do Concello de Vigo e reflexionando sobre o papel e a eficacia das administracións locais como garantes dos servizos públicos.

Durante esta visita está previsto percorrer algúns dos servizos municipais con máis interese para os escolares, explicando o funcionamento de cada un deles e dando a posibilidade, se é factible, de participar activamente nalgún deles mediante algún xogo ou actividade práctica. En función da disponibilidad puntual dos servizos e atendendo as súas necesidades, a proposta didáctica a visitar sería semellante ao seguinte:

- A lonxa e o concepto de ventá única para o cidadán (Planta baixa)
- Auditorio Municipal “Cidade de Vigo”.
- Dependencias da Alcaldía.
- Sala de xuntanzas da Comisión de Goberno.
- Salón de Plenos da corporación municipal.
- Sala de control de tráfico.
- Laboratorio Municipal.
- Escola de Danza Municipal.
- Sala de prensa.
- ...

A loxística organizativa que se propón desta actividade é a que segue:

- **Periodo visitas escolares guiadas** : Da 2ª quincena de outubro de 2015 ate a 1ª quincena de xuño de 2016, en frecuencia de mércores e xoves lectivos, en horario estimado de 10,00 hs. a 12,00 hs.
- **Alumnado destinatario**: Grupos máximo de 50 escolares de 5º e 6º Educación Primaria.
- **Duración da visita didáctica**: 120 minutos aprox.
- **Solicitud da visita didáctica**: Remitir a ficha de inscrición que se achega cuberta antes do 01 de outubro de 2015 ao seguinte enderezo de correo electrónico: ime@vigo.org. Dado que o número de visitas didácticas programadas para escolares é limitado, atenderase ao criterio como a rigurosa orde de solicitude.
- **Contarase co desprazamento gratuito en bus**: Coa finalidade de asumir o desprazamento escolar ao Concello de Vigo por parte da empresa adxudicataria “Autos González”, os centros educativos solicitantes utilizarán como créditos extras os recursos postos a disposición polo Servizo Municipal de Educación mediante o programa municipal “Vigo Educa” a través do portal web www.vigoeduca.org.

Consonte ao anteriormente exposto, prégole traslade a presente información ao profesorado de 5º a 6º de primaria do centro que vostede dirixe, agardando que a iniciativa didáctica proposta sexa de interese e utilidade para a comunidade educativa.

Atentamente, reciba un cordial saúdo.

A CONCELEIRA DE EDUCACIÓN



Asdo.: Olga Alonso Suárez



PERCORRIDO TIPO PROGRAMA EDUCATIVO "VISITA O TEU CONCELLO"

CARACTERÍSTICAS DA LOXÍSTICA ORGANIZATIVA:

- **Visita guiada para grupos máximo de 50 escolares de 5º e 6º de educación primaria (10-11 anos).**
- **Equipa de monitoraxe acreditado que guiará a visita:**
 - **Ana Castro Davila.**
 - **Pablo Martínez Alemparte.**
 - **Isabel Estévez.**
- **Cronograma previsto en frecuencia de mércores e xoves lectivos dende 2ª quincena outubro 2015 ate 1ª quincena xuño 2016, en horario aprox. de 10,00 a 12,00 hs.**
- **O Concello de Vigo aporta o desprazamento gratuito en bus.**

HORARIO APROX	TEMPO EN MIN APROX	SERVIZO MUNICIPAL	
10:00-10:15	15	LONXA Introducción e concepto de ventá única	
	5	Subida á 9ª pranta	
10:20-10:35	15	SAA PRENSA Panorámica e evolución cidade	
	5	Desprazamento á 1ª pranta	
10:40-10:50	10	SAA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
10:50-11:10	20	SALON PLENOS E RECEPCIÓN ALCALDE	
	5	Desprazamento ao 1º soto	
11:15-11:30	15	ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA	
11:30-11:45	15	SAA DE CONTROL DE TRÁFEGO	Grupo Dividido
11:45-12:00	15	LABORATORIO MUNICIPAL	Grupo Dividido
		* En función de disponibilidad horaria poderá visitarse tamén o "AUDITORIO MUNICIPAL"	